

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	4
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	19
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	21
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	23
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	25
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	26
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	26
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	29
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	32
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	35
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	35
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	38
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	39

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

### Educación Infantil

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Os obxectivos xerais plantexados para o desenvolvemento do alumnado do CEIP Ponte de Xuvia teñen a finalidade de contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

A colaboración das familias para a contribución na adquisición dos obxectivos é un pilar fundamental nesta etapa.

### Educación Primaria

A etapa de educación primaria participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. No decreto 155/2022 do 15 de setembro, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de noções básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria. O CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia elaborará propostas educativas para o desenvolvemento de adquisición dos obxectivos en colaboración coas familias, concello, ANPA e o seu contorno máis próximo.

## **b) A contribución á adquisición das competencias**

As competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Establécense as competencias clave da etapa, que son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Na etapa de Educación Infantil e Primaria elaboraremos propostas educativas que contribúan a planificar hábitos de vida saudables, protexer o medio ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de inequidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. A resposta a estes e a outros desafíos, entre os que existe unha absoluta interdependencia, necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes subxacentes ás competencias clave e son abordados de maneira global desde todas as áreas que conforman estas etapas.

#### A) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

En educación infantil poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas. A oralidade ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite aos nenas e ás nenas gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das adiviñas, contos..., que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto da diversidade. A linguaxe escrita permitirá coñecer, representar e interpretación da súa realidade máis próxima así como a construción do seu pensamento.

#### 1º CICLO

##### 1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación:

- diálogos

-exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.

2. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa) e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios.

3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.

4. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.

5. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizan do as características habituais deses textos.

6. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía

lectora.

7. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

#### 2º CICLO

1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
2. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
3. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates.
5. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
6. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
7. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
8. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
9. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.
10. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
11. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
12. Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.

#### 3º CICLO

1. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.
2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade
3. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, 4. prescritivos e persuasivos).
4. Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa.
5. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
6. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.
7. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos
8. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada

9. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos

10. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas

11. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora.

- Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación.
- Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata.
- Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos.
- Reescribe o texto.

12. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.

13. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

14. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.

15. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).

16. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.

17. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias

18. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.

B) Competencia plurilingüe (CP).

En educación infantil e primaria, a competencia plurilingüe é considerada moi importante xa que é unha idade na que o alumnado aprende idiomas dun xeito moito máis sinxelo; polo tanto, nas sesións de inglés se intenta que asista o/a auxiliar de conversa coa finalidade de ir introducindoos dende pequenos nunha lingua estranxeira a partires dunha comunicación oral fluida. Na educación primaria, ademais disto, contamos coa área de plástica en inglés ademais das sesións propias de lingua estranxeira.

1º CICLO

1. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.

2. Amosa unha actitude de escoita atenta.

3. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.

4. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).

5. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

6. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran

#### 2º CICLO

1. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
2. Participa de forma activa, cooperativa e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.
3. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
4. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.
5. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
6. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
7. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
8. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
9. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade

#### 3º CICLO

1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
2. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.
3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
5. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
6. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).
7. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade
8. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics ou descrições de lugares, gustos ou afeccións)
9. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre



outras.

10. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividadeś) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

11. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

C) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)

En educación infantil contribuírase á mellora da competencia matemática na educación infantil na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen. Na adquisición de dita competencia repercutirán as rutinas diarias tales como o calendario, o emprego de números e símbolos así como as tarefas en determinados recantos como o de lóxico matemática. Desenvolveremos talleres de robótica onde os nenos

1º CICLO

1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
3. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.
4. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
5. Le, escribe e ordena números ata o 999.
6. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
7. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

2º CICLO

1. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
2. Realiza cálculos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
3. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
4. Reflexiona sobre o procedemento aplicado a resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
5. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.
6. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento.
7. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
8. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar.

9. Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.
10. Elabora gráficos sinxelos a partir de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información
11. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.

### 3º CICLO

1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso.
2. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
3. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.
4. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos
5. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
6. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
7. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
8. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa
9. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas, etc), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).
10. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.
11. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
12. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
13. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
14. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
15. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
16. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes
17. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na

arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

#### D) Competencia dixital (CD)

Se desde a educación infantil se quere contribuír a mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles. Incidiremos na importancia de traballar coas Tics, empregando os medios existentes na escola: ordenador, conexión a internet, cámara dixital, encerado dixital interactivo.

#### 1º CICLO

1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.
2. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
3. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.
4. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
5. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
6. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais
7. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.

#### 2º CICLO

1. Utiliza de forma guiada distintos programas educativos dixitais
2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes(papel e dixital) de carácter redundante co contido:carteis publicitarios, anuncios e cómics
3. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.
4. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe
5. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.
6. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.
7. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.
8. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
9. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
10. Analiza informacións relacionadas coas áreas e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

#### 3º CICLO

1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

2. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas
3. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas
4. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
5. Emprega procesadores de textos con certa autonomía
6. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais
7. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
8. Resume entrevistas, noticias e debates infantís procedentes da radio, televisión e da internet
9. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe
10. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
11. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas
12. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, etc.
13. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc

#### E) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

Desde a educación infantil poderase contribuír a mellorar esta competencia cando se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade. Por unha banda potenciaremos a creatividade dos nenos e nenas cun recanto da creatividade dentro da aula. Ademais reforzaremos os logros e avances a nivel de autonomía procurando que esta sexa acorde coa súa idade. De novo o traballo por proxectos incidirá para que sexan emprendedores e principais partícipes do proceso de ensino - aprendizaxe. Contribuirase á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da

información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

#### 1º CICLO

1. Participa no traballo en pequeno grupo.
2. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.
3. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
4. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia

5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
6. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.
7. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz

#### 2º CICLO

1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto
2. Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión dun texto
3. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.
4. Participa en actividades individuais e de grupo e , emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
5. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco ?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?
6. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando a solucións no contexto.
7. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.
8. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
9. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.

#### 3º CICLO

1. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo.
2. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
3. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.
4. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
5. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.
6. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais
7. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas
8. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
9. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a

organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito

10. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes contidos, en diferentes soportes

11. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica

F) Competencia cidadá (CC).

Desde a educación infantil contribuírase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía. Traballaremos o respecto pola cumprimento das normas do centro, dentro e fora da aula, así como a promoción de actitudes de axuda ós demais, solidariedade e respecto polo contorno. Nesta competencia están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

1º CICLO

1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia

2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

3. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.

4. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

5. Aмосa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.

6. Aмосa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.

7. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.

8. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.

9. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva

2º CICLO

1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas

2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais

3. Aмосa respecto ás ideas a achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.

4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.

5. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.

6. Respecta as opinións da persoa que fala.

7. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

8. Coñece e utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

9. Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.

10. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.

### 3º CICLO

1. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
2. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.
3. Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
4. Amosa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.
5. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
6. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
7. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado
8. Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.
9. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
10. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material
11. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo
12. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade
13. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos e empregando códigos de conduta xeralmente aceptados.

### G)Competencia emprendedora (CE).

As mestres de Educación Infantil pretende que o seu alumnado adquira consciencia e aplica que un conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir risco.

### 1º CICLO

1. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

3. Aмосa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo
4. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.
5. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
6. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas

#### 2º CICLO

1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación. Diálogos, Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
2. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión
3. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
4. Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias
5. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias
6. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.
7. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
8. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.
9. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.

#### 3º CICLO

1. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida
2. Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose mediante preguntas adecuadas, da comprensión propia e por parte da persoa interlocutora.
3. Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa idade.
4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva
5. Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal.
6. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
7. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal
8. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
9. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos,



poemas, cancións e anécdotas.

10. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

11. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

12. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais

13. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións

14. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados

15. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico

16. Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos

H)Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Na educación infantil contribuírase ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artística, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; mantendo unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio. Nos diferentes proxectos estarán presentes tarefas vinculadas coa diferentes manifestacións artísticas: pintura, música, poesía... Ademais potenciaremos o desenvolvemento das capacidades plásticas de cada neno e nena.

1º CICLO

1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.

2. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

3. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.

4. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.

5. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

6. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

7. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.

2º CICLO

1. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma.

2. Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e información.

3. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

4. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
5. Aмосa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega
6. Recoñece partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
7. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
8. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
9. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
10. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

### 3º CICLO

1. Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
2. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual
3. Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
4. Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios
5. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
6. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas
7. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.
8. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.
9. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
10. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.
11. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
12. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
13. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida
14. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias

### **c) Os criterios para incorporar elementos transversais**

Segundo o Decreto 155/2022 e o Decreto 105/2022 onde se establece o curriculum de educación de Infantil e Primaria os temas transversais a traballar como mínimo nestas etapas son:

Comprensión da lectura.

Expresión oral e escrita.

Comunicación audiovisual.

Competencia dixital

Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Promocionar a igualdade entre mulleres e homes.

Educación para a paz,.

Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Atención á orientación educativa.

Acción titorial.

Educación emocional e en valores.

No CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia temos como finalidade:

- Desenvolver o sentido crítico para valorar situacións de inxustiza social e persoal.
- Defender formas de vida máis xustas en consonancia cos dereitos humanos.
- Potenciar os principios democráticos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade.
- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre as persoas.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe.
- Appreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas
- . - Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais que afectan ao contorno máis próximo.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Promover a formación dunha opinión crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.
- Desenvolver actitudes positivas cara ás demais culturas do contorno e doutras máis afastadas xeograficamente.

- Potenciar as actitudes que valoren a educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Proporcionar ao alumnado estratexias que lle permitan adaptarse ás situacións cambiantes da sociedade.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.

No CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia somos centro SEMGAL ,onde se busca o talento do noso alumnado, fomentalo e impulsalo. Buscamos un cambio metodolóxico que proporcione experiencias enriquecedoras que favorezan unha aprendizaxe personalizada para a resolución de problemas do mundo real.

Nas materias de libre configuración de 4º e 6º de EP temos:

- Educación Vial onde se traballan contidos relacionados cos valores en mobilidade activa, sostenible, segura y saludable.
- Francés inicial na segunda lingua estranxeira e preparamos para ESO onde está materia é obrigatoria.

Contribuíndo a creatividade, o espírito científico e emprendedor o centro ten un club de robótica. Utilízanse as dinámicas de aprendizaxe cooperativo dirixidas á cohesión do grupo, resolución de problemas ou á importancia do grupo na adquisición de aprendizaxes. Evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

O centro participa nos programas europeos ,ERASMUS+ coa temática de mobilidades sostible e cooperativo polo que favorece o traballo dos temas transversais así como a formación do profesorado. Ademais os contratos programa nos que está inmerso o centro, INNOVA e INCLÚE, favorece a creación de hábitos saudables e afectivo-sexual como a promoción da igualdade entre homes e mulleres.

O centro está inmerso en PLAMBE polo que a labor da biblioteca desempeña un papel moi importante dentro da vida do noso centro tanto na hora de propoñer actividades, elaborar e deseñalas que favorecen ao desenvolvemento dos temas transversais que establece o currículo tanto de infantil como da etapa de Primaria.

O centro terá en conta a :

- Activación de protocolos ou medidas de intervención cando aparecen condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa (ANPA, Consello Escolar) en distintos actos e celebracións do centro.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo).

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O currículo de educación infantil establece que:

Os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social.

Polo tanto este será o eixo fundamental da metodoloxía empregada nas nosas aulas.

Outros aspectos nos que incide o currículo son:

- Ambiente de aprendizaxe: unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.

- Perspectiva didáctica: atendendo a importancia do enfoque globalizador, dando unha oferta variada de experiencias combinando proxectos ou unidades didácticas con outro tipo de propostas globalizadas.

- Papel do profesorado e alumnado: como docentes analizaremos os coñecementos previos do alumnado ofrecendo actividades estimulantes, promovendo as interaccións entre os alumnos, o respecto polos traballos dos demais asumindo como docentes un papel de guía, de canle para propiciar e favorecer o desenvolvemento integral de cada neno e nena.

- Agrupamentos: Variados e heteroxéneos

- Apertura do contorno: a participación de tódolos membros da comunidade educativa será primordial no desenvolvemento das actividades e experiencias que realicemos nesta etapa.

A nosa metodoloxía atenderá a:

-Atender á diversidade: partimos do nivel madurativo e de aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas.

-Buscar o máximo desenvolvemento das nenas e dos nenos axustando a intervención educativa ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras que leven a valorar os propios logros.

- Coñecer os coñecementos e experiencias previas como punto de partida para garantir a significatividade das aprendizaxes, buscando a funcionalidade do que aprenden

-Construir novos apegos seguros como punto de partida para a creación dunha correcta autoestima, cunha planificación meticulosa e individualizada do proceso de transición entre ambos contextos.

-Fomentar as relacións entre as persoas coas que interaccionan as nenas e os nenos, a expresión positiva da súa imaxe e da confianza que se teña delas e deles para a construción da propia identidade.

- Presentar situacións educativas nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións, desenvolvendo, entre outros, aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do seu esquema corporal.

-Participar en xogos e actividades psicomotrices en que se propicien as interaccións, favorecendo o desenvolvemento da empatía e da resiliencia, o que levará a unha aceptación construtiva tanto dos logros coma dos erros e a unha valoración do esforzo, da constancia e da iniciativa, desenvolvendo deste xeito todas as potencialidades das nenas e dos nenos.

-Atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo e as actividades que potencien a súa curiosidade, creatividade.

No primeiro ciclo a metodoloxía a utilizar será de tipo participativo e cooperativo. Estará baseada en proxectos que irán paralelos á utilización do libro de texto nalgunha asignatura, de fichas ou outros recursos como as actividades dixitais, o traballo de investigación ou a experimentación directa.

En xeral, a metodoloxía responderá aos seguintes criterios:

- Desenvolver unha metodoloxía de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais e fomentando a colaboración coas familias.
- Combinar o traballo individual pero tamén o colectivo, onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar.
- Fomentar o uso das TIC coma un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes.
- Promover a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos.
- Evocar coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Incorporar novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión.
- Presentar exercicios e actividades diversificadas e integradas.
- Secuenciar o traballo por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e favorecendo a adquisición de competencias para todos os alumnos.

No segundo ciclo de primaria a metodoloxía terá como criterios:

- Levar a cabo unha metodoloxía inclusiva, activa, participativa e comunicativa.
- Elaborar pequenos proxectos.
- Realizar saídas didácticas que favorezan a integración de contidos.
- Emplear de recursos humanos da comunidade así como materiais.
- Partir dos intereses dos nenos. Tendo en conta debilidades e fortalezas.
- Fomentar a existencia de clases e materiais accesibles para todo o alumnado.
- Ter en conta a diversidade da aula.

No 3º ciclo a metodoloxía seguirá os seguintes criterios:

- : Estar baseada nos intereses e motivación do alumnado así como na súa preparación de cara ao futuro.
- Buscar unha boa aptitude de cara á competencia dixital así como a adquisición do resto das competencias.
- Utilizar plataformas dixitais (edix-gal) para a aprendizaxe pero sen esquecermos do traballo en papel ou manuais.
- Aproveitar as vivencias e experiencias do alumnado que lles permitirán aplicar o aprendido nas súas vidas cotiás.
- Levar a cabo proxectos que permitan traballar contidos de todas as áreas dun xeito interdisciplinar e buscando tamén a implicación do alumnado xa que está demostrado que este tipo de aprendizaxes sempre son moito máis motivadores e significativos que outros máis memorísticos ou baseados unicamente na aprendizaxe dos contidos.
- Adaptarnos aos distintos ritmos de aprendizaxe e ao principio de aprender a aprender, promovendo deste xeito unha aprendizaxe eficaz e conseguindo así desenvolver as competencias básicas que toda persoa necesita para

desenvolverse na súa vida cotiá segundo as súas necesidades.

- Ser significativa, partindo dos coñecementos previos, conectarémolos cos novos, e tendo en conta os intereses dos alumnos.
- Ter un carácter expositivo e colaborativo, buscando sempre a participación do alumnado e a menor participación do profesorado, o cal actuará como mediador das aprendizaxes na medida do posible.
- Traballar os contidos cunha metodoloxía cooperativa na que o alumnado se comprometa coa súa aprendizaxe.
- Fomentar o traballo autónomo e responsable por parte do alumnado.
- Ser de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais. Tamén se fomentará o traballo de investigación, sempre que sexa posible de xeito individual xa que imos aproveitar a oportunidade de que o alumnado conte cun ordenador persoal en todo momento.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os materiais didácticos para a etapa de infantil son elaborados polo equipo docente, adaptados ao tipo de contidos, ás características específicas do noso contexto, así como ás características do alumnado.

Temos que falar aquí dos criterios dos materiais e recursos didácticos que serán os seguintes:

- Usar os materiais elaborados polos mestres/as en base ás necesidades que van xurdindo ao longo do curso.
- Elaborar materiais cos nenos/as tomando como base o material de refugallo.
- Presentar diferentes materiais para recopilar información como libros de texto, fotos, contos.
- Aproveitar os materiais audiovisuais e recursos en rede que nos ofrece a biblioteca, aula virtual, centro, biblioteca do concello, CFR...
- Empregar o material funxible propio de uso individual.
- Utilizar os recunchos relacionados cos xogos lóxicos, xogo simbólico, construcións, dominós, xogos lingüísticos, lego, mesa de luz...entre outros.
- Proporcionar materiais que fomenten a curiosidade, experimentación, observación...
- Adaptar os materiais e recursos as características persoais do noso alumnado.

No primeiro ciclo de primaria os recursos materiais e curriculares dependerán de cada materia, xa que no caso de 1º de Primaria non teñen libros de texto e 2º de Educación Primaria unicamente se conta con libro de texto na área de Matemáticas.

Non obstante, os criterios xerais sobre os materiais e recursos didácticos serán os seguintes:

- Empregar diferentes tipos de recursos materiais coma os proporcionados polas editoriais (libros e diverso material funxible) combinando tamén con fichas, posters, libros de lectura, caderniños, proxector, ordenador, pizarra dixital, etc.

- Levar á aula diferentes materiais de uso cotiá (palillos, cartas, dados).
- Combinar materiais en tamaño grande para a aula pero tamén individuais para cada alumno e alumna.
- Levar a cabo grupos interactivos que impliquen a participación das familias para apoiar o desenvolvemento en pequenos grupos de xogos matemáticos, pequenos experimentos e xogos de expresión oral e escrita.
- Valerse de diversas fontes bibliográficas, dixitais e audiovisuais.
- Aproveitar todos aqueles recursos que o propio alumnado e as familias aporten para a realización dos proxectos.
- Procurar a colaboración doutros mestres e especialistas do centro e, incluso, das institucións do Concello que poidan aportarnos información ou materiais para os nosos proxectos.
- Empregar os recursos informáticos incluídos na Aula Virtual, páxina web do centro e os libros da biblioteca de aula e de centro como recursos habituais de traballo na aula.
- Apoiarnos nos recursos persoais que, ademais do profesor/a titor de cada curso, nos ofrecen os diferentes especialistas: PT, AL, EF, Inglés, Música e Relixión ou Valores.

No segundo ciclo os criterios de carácter xeral sobre materiais e recursos didácticos:

- Empregar libro de texto como guía para levar un fío condutor en certos momentos do curso.
- Empregar Aula Virtual para introdución, desenvolvemento, ampliación e reforzo de contidos.
- Empregar libretas para traballo individual.
- Facer uso de materiais funxibles para a realización de traballos manuais.
- Usar recursos informáticos (TIC). Autonomía co manexo do ordenador.
- Empregar recursos ambientais: anuncios, carteis, publicidade, xornais.
- Utilizar o entorno máis próximo para poder desenvolvernos con autonomía na contorna máis próxima.

No terceiro ciclo, os criterios de selección dos RECURSOS MATERIAIS E CURRICULARES serán os seguintes:

- Utilizar os contidos dixitais dos libros de texto de edix-gal así como outros recursos dixitais que estean dispoñibles na rede.
- Empregar outro tipo de materiais máis motivadores como libros de investigación ou materiais aportados polo alumnado, ou aquelas propostas e recursos facilitados polos especialistas ou mestres/as do centro, ou incluso polas institucións do Concello.
- Utilizar o ordenador como ferramenta habitual de traballo, tanto de busca de información como de elaboración de documentos e carteis. Intentarase que o profesorado se involucre na elaboración e deseño de materiais (actividades dixitais, taboleiros de robótica?) tendo en conta o nivel do alumnado e o seu ritmo de aprendizaxe.
- Atender á diversidade na aula potenciando o desenvolvemento das intelixencias múltiples e permitindo un acceso pleno ao coñecemento.



- Potenciar o uso de materiais funxibles como fichas de traballo ou cadernos de actividades para poder reforzar contidos ou como ampliación das aprendizaxes realizadas dixitalmente.
- Usar recursos como a robótica ou materiais para os proxectos relacionados con libros de investigación ou materiais que poidamos coller da biblioteca e nos axuden de cara ás aprendizaxes.
- Seleccionar os contidos que sexan motivadores e sirvan para o fin ao que están destinados, ben sexa para a adquisición de contidos, como para a realización de actividades ou para chegar a acadar os obxectivos do ciclo.

## f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia dispoñemos de dúas etapas educativas: Infantil e Primaria.

Etapas Niveis

Infantil 4º EI 5º EI 6º EI

Primaria 1º EP 2º EP 3º EP 4º EP 5º EP 6º EP

O centro ten unha liña de cada nivel agás en cuarto de primaria que temos dúas liñas.

En canto a optatividade o decreto 155/22 do 15 de setembro e o Decreto 150/22 do 8 de setembro establece a Relixión e o Proxecto Competencial nos cursos de infantil e en 1º,3º e 5º de Primaria. Nos cursos pares como 2º,4º e 6º a organización das materias en primaria son as que figuran no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro,

polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia no artigo 8 do capítulo II e organízanse en materias troncais, específicas e de libre configuración. No centro temos Relixión e Valores, ademais temos a materia de Libre Configuración en 4º e 6º de Primaria que este ano no centro impátese a materia de Educación Vial en 4º e a segunda lingua estranxeira - francés en 6º de Primaria..

Na disposición adicional segunda do D.155/22 do 15 de setembro establece que:

1. As ensinanzas de relixión incluíranse na educación primaria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelén reciban ou non ensinanzas de relixión.
3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención planifícase e prográbase polos centros docentes a través da área de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II deste decreto, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso,

as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa. A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de mestres.

4. A avaliación da ensinanza da Relixión Católica e do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras áreas da educación primaria. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias están organizadas por un equipo de actividades complementarias e extraescolares formado por membros de todas as etapas (infantil e primaria) que traballa conxuntamente para levar a cabo estas actividades para todos os cursos e aulas. Este equipo traballa directamente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de dinamización da biblioteca.

No primeiro trimestre diséñanse as actividades no proxecto anual do centro. A dirección elabora un documento onde están rexistradas as actividades realizadas dende infantil a primaria para que non se repitan e orientar aos titores que actividades foron realizadas polo seu grupo.

Os criterios xerais para o deseño das actividades complementarias son:

- a) Que os obxectivos da actividade estean integrados nos obxectivos da etapa.
- b) Que estean programadas a comezo de curso e aprobadas polo Consello Escolar. Os titores /as informan aos pais / nais / titores legais das actividades a realizar e dispoñen dun documento de autorización da mesma para ter constancia que se atopa debidamente informado se a actividade se realiza fora do recinto escolar.
- c) Hai actividades que son xerais para todo o centro (Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Día das Letras Galegas...), mentres que outras son por nivel, por área ou ciclo.
- d) Actividades cuns obxectivos claros e para favorecer o desenvolvemento das competencias clave inténtase que sexan moi participativas e nunca exclúntes para todo o alumnado.
- e) Aproveitar as actividades organizadas polo concello xa que son gratuitas.
- f) Aproveitar as actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que sexan interesantes para o desenrolo dos contidos e, sobre todo, para o desenvolvemento dos proxectos de investigación.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia 1 e a Orde do 25 de xaneiro onde se regula a avaliación de primaria e tal e como queda recollido no Artigo 48.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Enténdese o Reforzo educativo como unha Medida que afecta á secuencia dos contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, o

agrupamento do alumnado e todo aquilo incluído dentro da metodoloxía.

Así algúns aspectos a considerar no desenvolvemento desta medida son:

Destinatario: alumnado que con estas medidas pode seguir o proceso de ensino e aprendizaxe.

Responsable: profesor/a que imparta a materia obxecto do reforzo.

Contexto: O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario.

A Xefatura de estudos: debe ser informada da medida, por parte do profesorado titor.

Familia: debe ser informada da medida, por parte do profesorado titor.

Rexistro:

- Reflectirse como ¿RE¿ nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

- Ao remate do curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, seguindo o modelo que se adxunta a continuación.

Ademais, na mesma Orde e xa no Artigo 50.

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

Considérase tamén a necesidade se seguir un plan específico de reforzo como Medida a aplicar cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso.

Así algúns aspectos a considerar no desenvolvemento desta medida son:

- Finalidade: atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

-Responsable da elaboración: equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor.

- Temporalización: desenvolverase ao longo de todo o curso.

Estrutura: debe incluír, polo menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

Finalmente é importante ter en conta que en cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan específico e, de ser necesario, realizaranse os axustes que proceda.

Ao remate do curso ademais, na última sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)

CURSO 20.. ÷ 20..

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS: .....NOME: ..... DATA DE NACEMENTO: .....

ETAPA: .....

CURSO E GRUPO: .....

Por cada área ou materia na que a alumna ou o alumno recibiu RE.

1. Área ou materia

2. Datos do profesorado da área/materia

Apelidos:

Nome:

3 . D a t o s d o r e f o r z o e d u c a t i v o

Data de comezo do RE:

Data de remate do RE:

Cal foi o motivo de iniciar o RE?

En que consistiron as medidas desenvolvidas?

Con que frecuencia se presentaban? (temporalización)

Cando as realizaba a alumna ou o alumno?

Quen lle axudaba?

Como se avaliaban?

4. Valoración das medidas (risque unha delas)

Acadáronse os obxectivos previstos

Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario)

Observacións:

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE:

Narón a,....., .... de ..... de 20....

O/A PROFESOR/A TITOR/A,

O/A PROFESOR/A QUE REALIZOU O REFORZO

Asdo..... Asdo.: .....

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Tal e como recolle a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia no punto 3 do artigo 6 o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada

para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo O Plan de Reforzo educativo é un documento organizativo dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade contemplado na Orde 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA Galicia.

#### CRITERIOS PEDAGÓXICOS E CURRICULARES

##### CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE MEDIDAS

Os criterios para a selección das medidas de actuación levaranse a cabo a través de diferentes vías de traballo:

1. Realización de traballos e tarefas: farase co alumnado susceptible de superar os obxectivos sen necesidade de aplicar medidas extraordinarias. Levarao a cabo o profesorado que imparta a materia.
2. Apoio individual: alumnado que require apoio individual fora da aula por parte do profesorado de apoio.
3. Apoio en pequeno grupo: alumnado do mesmo nivel educativo, agrupado por presentar características similares, que recibe apoio dentro ou fóra da aula. Tamén alumnado con asignaturas pendentes do curso anterior.

##### CRITERIOS DE TEMPORALIZACIÓN

As fases para o desenvolvemento do plan de reforzo educativo serán:

1. Fase de inicio (setembro-outubro): planificaranse as actuacións, os reforzos e as intervencións segundo as necesidades de cada alumno/a.
2. Fase de seguimento (ao longo do curso): durante esta fase levarase a cabo un seguimento de cada alumno/a para comprobar a efectividade.
3. Fase final ou de avaliación (xuño): farase seguindo unhas indicadores de valoración establecidos no DO.
4. Fase de revisión (primeiro trimestre do curso seguinte): para coñecer a eficacia do plan farase unha revisión despois de realizada a avaliación inicial o seguinte curso escolar.

##### CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS DESTINATARIOS

Os criterios para a selección dos destinatarios do plan de reforzo educativo serán:

1. Resultados académicos do curso anterior: ter asignaturas suspensas, ter informe do departamento de orientación

2. Resultados da avaliación inicial do curso actual.
3. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo con diagnóstico.
4. Alumnado con dificultades académicas que non ten diagnóstico nin está avaliado.

As medidas levadas a cabo serán ordinarias como extraordinarias:

- ¿ Apoio dentro da aula.
- ¿ Apoio fora da aula para alumnado con sesións de pedagogía terapéutica e adaptación curricular.
- ¿ Desdoble de grupos en caso necesario.

Os aspectos a traballar serán os contidos das distintas áreas. Levaranse a cabo metodoloxías que favorezan o desenvolvemento das distintas competencias. O responsable será o mestre/a de cara áreas.

#### CRITERIOS ORGANIZATIVOS

Os criterios organizativos estarán basados nos seguintes aspectos:

1. Reparto e seguimento das tarefas individuais de repaso e recuperación do alumnado, por parte do mestra/a que imparta a materia.
2. Creación de grupos de apoio de características similares por niveles establecendo un horario semanal para a realización do reforzo.
3. Desdoble do alumnado sempre que sexa posible.
4. Aplicación de máis sesións de apoio nos cursos de 1º e 2º de Educación Primaria.
5. O horario das actividades de reforzo coincidirá co da área ou áreas a reforzar.
6. Terán prioridade os alumnos/as que teñen detectado dificultades e que non tivesen apoio en cursos anteriores, por falta de recursos¿
7. O reforzo educativo poderá ter carácter temporal ou ser para todo o curso.
8. Terase especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada e na prevención das dificultades de aprendizaxe.

O Plan de reforzo educativo, tanto para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso repita curso como para o que promociona sen ter superadas tódalas materias pasa con asignaturas suspensas, será un documento organizativo dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade dos alumnos.

Os destinatarios deste Plan de Programa de Reforzo Educativo son alumnos con dificultades de aprendizaxe, especialmente nas áreas instrumentais básicas, que requiren medidas educativas ordinarias de atención á diversidade.

A atención educativa a estes alumnos pode organizarse individualmente ou en grupo, segundo os destinatarios e os recursos materiais e persoais do propio centro.

#### OBJECTIVOS DO PLAN:

Para o centro:

- ¿ Perfeccionar os procesos de ensinanza do profesorado do Centro no que se refire a planificación, coordinación e avaliación das medidas de atención á diversidade axeitadas.

- ¿ Mellorar os resultados da avaliación do alumnado (inicial, de seguimento e final).
- ¿ Optimizar a organización do Centro co fin de atender á diversidade do alumnado de forma ordinaria, o que supón planificar, coordinar e avaliar medidas de atención ás necesidades de todo o alumnado do Centro.
- ¿ Ampliar e incrementar a oferta das actividades dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Para o alumnado:

- ¿ Lograr que adquiren as competencias básicas e os obxectivos da Educación Primaria, proporcionándolles unha preparación para comprender e actuar nas diversas manifestacións da vida cotiá.
- ¿ Adaptarnos ao seu ritmo de aprendizaxe e as súas características e necesidades.
- ¿ Utilizar un enfoque globalizador á hora de organizar os contidos.
- ¿ Buscar a funcionalidade dos aprendizaxes.
- ¿ Proporcionarlles una atención máis individualizada que a realizada na aula para conseguir que adquiren seguridade e autonomía.
- ¿ Axudarlles a desenvolver habilidades sociais que favorezan a súa integración, tanto na aula ordinaria como no seu entorno familiar e social.
- ¿ Facilitarlles o logro de aprendizaxes construtivos e significativos mellorando os seus procedementos de aprendizaxe.
- ¿ Fomentarlles unha actitude positiva e activa cara á aprendizaxe.
- ¿ Reforzarlles a autoestima persoal e social.
- ¿ Estructuralles a ensinanza en pequenos pasos.
- ¿ Utilizar materiais adaptados ao nivel de competencia curricular, simultaneamente con materiais común da aula.
- ¿ Favorecer a axeitada adquisición e consolidación das técnicas instrumentais básicas.
- ¿ Previr dificultades de aprendizaxe máis significativas que requiran outro tipo de medidas.
- ¿ Favorecer o axeitado cambio de etapa educativa a todos os alumnos.

CONTIDOS DO PLAN DE REFORZO EDUCATIVO:

O Plan de Reforzo Educativo deberá comprender/concreta? os seguintes aspectos:

- ¿ Alumnos destinatarios e características dos mesmos.
- ¿ Criterios de incorporación de alumnos ao Programa de Reforzo Educativo.
- ¿ Proceso de detección e incorporación dos alumnos.
- ¿ Avaliación das necesidades educativas dos destinatarios.
- ¿ Seguimento dos alumnos.
- ¿ Profesionais implicados.
- ¿ Organización do Programa.

¿ Seguimento e avaliación do Programa.

#### ORGANIZACIÓN DO REFORZO EDUCATIVO:

O desenvolvemento do Reforzo Educativo no centro require atender aos seguintes aspectos:

- ¿ O reforzo será impartido polo profesorado do centro en horario lectivo con dispoñible para tal fin.
- ¿ O horario das actividades de reforzo coincidirá coa da área ou áreas a reforzar.
- ¿ Atenderase prioritariamente ao alumnado que cursa primaria.
- ¿ O reforzo educativo poderá ter carácter temporal ou ser para todo o curso académico, realizando un seguimento continuo do mesmo.

#### INCLUSIÓN DO ALUMNADO NO PLAN DE REFORZO:

O alumnado será incluído no desenvolvemento dun Reforzo Educativo a través de:

- ¿ Derivación feita polo titor/a do curso anterior.
- ¿ Derivación feita por outro profesor (Mestres especialistas).
- ¿ Derivación feita polo departamento de orientación

#### REVISIÓN DO PLAN DE REFORZO

Realizarase unha revisión do plan de reforzo coincidindo coas nas distintas sesións de avaliación e sempre sen esquecer a posibilidade de realizar todas aquelas modificacións necesarias ao longo de todo o curso escolar.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Decreto 150/22 do 8 de setembro establece para esta etapa no apartado de avaliación:

A avaliación será global, continua e formativa. Global porque o referente será o conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos de etapa. A avaliación continua será un elemento inseparable do proceso educativo, onde recolle permanentemente información sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación formativa, con carácter regulador e orientador supón unha mellora tanto dos procesos coma dos resultados da intervención educativa.

A valoración do proceso de aprendizaxe farase de maneira cualitativa tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos. A avaliación na etapa de infantil estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

A continuación expoñemos os criterios mínimos, para o 2º ciclo de educación infantil:



- Adquirir autonomía en hábitos e actividades habituais: vestimenta, alimentación, hixiene.
- Coñecer os números do 0 ao 9.
- Realizar seriacións.
- Identificar as cores.
- Recoñecer as formas: círculo, cadrado, rectángulo, triángulo.
- Coñecer as nocións espaciais: dentro/fora, arriba/abaixo, diante/ detrás .
- Coñecer as nocións temporais: antes/ despois .
- Coñecer os cuantificadores: grande/ pequeno .
- Identificación en maiúscula vogais e consoantes.
- Iniciarse na escritura en maiúscula.
- Recoñecer palabras significativas para o neno ou nena: nome propio, nome dos compañeiros e compañeiras, outras palabras significativas .
- Iniciarse no manexo das novas tecnoloxías.

Tendo en conta o Decreto 155/22 do 15 de setembro onde se regula o currículo de Primaria establecemos os seguintes criterios de avaliación para os diferentes ciclos de educación Primaria:

1º ciclo de Educación Primaria serán os seguintes:

- Desenvolver nos primeiros días unha avaliación inicial do nivel do alumnado para ver as posibles dificultades que puideran xurdir empregando diferentes probas: de avaliación inicial elaboradas pola titora, de lectura, escritura e cálculo sinxelas, de observación de rutinas e interaccións en pequeno e gran grupo.
- Identificar a partir das probas de avaliación inicial as principais dificultades do alumnado nas distintas áreas tanto a nivel individual como grupal, podendo elaborar os proxectos en función destas dificultades e desenvolvendo os plans de reforzo precisos.
- Empregar durante o curso procedementos de avaliación variados e adaptados: técnica de observación do traballo do alumnado nos diferentes tipos de agrupamentos e da súa participación nas actividades de aula e técnica de resolución de problemas e de solicitude de produtos en relación aos contidos das materias e ao grao de adquisición competencial.
- Proporcionar cualificacións ao alumnado que irán do 1 ao 10 asignándolles instrumentos de avaliación asociados a c porada estándar de aprendizaxe.
- Utilizar escalas de valoración e rúbricas que, de ser o caso, permitan que haxa a maior obxectividade posible á hora de avaliar a cada alumno/a.
- Valerse de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe: rexistro anecdótico, listas de cotexo, escalas de observación, escalas estimativas e rúbricas.
- Aplicar unha avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado que sexa continua e global, e que teña en conta o progreso do alumnado no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Establecer medidas de reforzo educativo tan pronto como que o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado.

- Finalizar este segundo curso decidindo a promoción do alumnado tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio da titora, escoitando a todos aqueles mestres que impartan algunha área ao neno/a, así como considerando as características individuais, do entorno sociofamiliar ou outros aspectos relacionados co alumno/a.
- Considerar a permanencia ao remate do ciclo do alumnado como unha medida de carácter excepcional que tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe.
- Acompañar a decisión de non promoción do alumnado dun plan de recuperación.
- Emitir ao remate do segundo curso da etapa un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo necesarias.
- Por outra banda a promoción de 1º curso é automática.

Criterios xerais para a avaliación no segundo ciclo e, de ser o caso, a promoción e a titulación:

- Ter presente que todas as situacións de aprendizaxe son avaliábeis, independentemente do entorno, do contexto, dos contidos...
- Adaptar a avaliación para poder compensar, na medida do posible, os diferentes xeitos de expresión buscando a mais favorable.
- Valorar a conveniencia de promoción e titulación atendendo a criterios de maduración, características persoais e do grupo de referencia, situación persoal e familiar.
- Avaliar de maneira continua e empregar técnicas e instrumentos diversos e variados: escala de observación, proba obxectiva, asamblea, traballos de investigación...
- Tomar a decisión de promoción en 4º de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Por outro lado en 3º a promoción é automática.
- Tomar a decisión de non promoción como medida de carácter excepcional tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.
- Realizar un plan específico de reforzo no caso dos alumnos que non promocionen ao seguinte nivel

Criterios xerais para a avaliación, cualificación e promoción do alumnado no 3º ciclo de educación primaria:

- Realizar durante o primeiro mes unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación será o punto de referencia para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas.
- Analizar as principais dificultades do alumnado nas distintas áreas tanto a nivel individual como grupal, puidendo elaborar os proxectos en función destas dificultades.
- Acadar un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación necesarias por parte do profesorado.
- Utilizar como referentes, para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das

avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Cualificar ao alumnado do 1 ao 10 e se lles asignará utilizando os procedementos e instrumentos de avaliación axeitados. Nos casos de probas escritas ou traballos feitos na clase, se utilizarán escalas de valoración e guías de observación de ser o caso que permitan que haxa a maior obxectividade posible á hora de avaliar a cada alumno/a.

- Realizar cualificación final das áreas facendo a media numérica entre os tres trimestres no caso das ciencias e, mediante unha avaliación continua, no caso das linguas e de matemáticas xa que se entende que o traballado nos anteriores trimestres é aplicado nos seguintes.

- Decidir a promoción do alumnado en función dos seguintes criterios: por norma xeral non promocionarán se non acadan polo menos unha media de 5 nos criterios de avaliación de tres das áreas instrumentais ou en dúas das instrumentais e unha non instrumental. A decisión sobre a non promoción do alumnado se tomará escoitando a todo aquel profesorado que imparta algunha área ao neno/a así como tendo en conta as características individuais e do entorno sociofamiliar ou outros aspectos relevantes.

- Utilizar a avaliación de xeito continuo e global, tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas. Cando un alumno/a non progrese axeitadamente, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten esas dificultades.

#### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

NON É O CASO NESTE CENTRO

#### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

No DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia establece que os centros docentes desenvolverán o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

¿ Concrecións metodolóxicas.

¿ Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

¿ Procedemento para a avaliación inicial.

¿ Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

¿ Concreción dos elementos transversais.

¿ Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

¿ Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

¿ Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

No caso de Educación Primaria e atendendo ao Decreto 155/22 do 15 de setembro, as programacións terán que incluír os seguintes apartados:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

¿ Concrecións metodolóxicas.

¿ Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

¿ Procedemento para a avaliación inicial.

¿ Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

¿ Concreción dos elementos transversais.

¿ Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

¿ Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

¿ Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

A programación é un documento aberto, modificable e avaliable polo que poderá modificarse e adaptarse ao momento de aprendizaxe sempre cunha xustificación razoada. Tamén se avaliarán todos os elementos da programación para posibles cambios futuros. Elaboraremos mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación

das programacións didácticas en relación cos resultados académicos obtivos. Sería importante que durante as avaliacións se vaian vendo aqueles aspectos que sería convinte revisar, sobre todo os relacionados coa metodoloxía, os mínimos a acadar e os

instrumentos e procedementos de avaliación por ser os máis facilmente axustables e os que máis afectan a unha favorable evolución do alumnado.

Todo o proceso de avaliación será informatizado a través do programa XADE. Será competencia do titor/a do alumnado a redacción en XADE do informe inicial e final individualizado de cada alumno/a.

A programación xeral anual concretará as datas das avaliacións do curso académico tendo en conta a correspondente Orde do calendario escolar aprobada pola administración educativa.

Ao comezo de cada curso, e durante o primeiro mes do curso escolar, o mestre/a titor/a realizará unha avaliación inicial, que completará en Xade, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior correspondentes ao seu alumnado e completárase coa información obtida das familias.

Ao longo de cada curso escolar realizaranse tres sesións de avaliación, antes de Nadal, antes de Semana Santa e antes do remate do curso. Cada titor/a, reunido co equipo docente de seu grupo, coordinará a sesión de avaliación do grupo de alumnos e alumnas para valorar o desenvolvemento xeral do alumnado, a súa aprendizaxe, a práctica docente do profesorado e aquelas circunstancias cuxa incidencia no proceso de ensinanza e aprendizaxe se consideren relevantes. Estas sesións poderán contar co asesoramento de departamento de orientación. Se nese grupo de alumnos/as hai algún alumno/a atendido/a polo mestre/a de Pedagogía Terapéutica ou polo mestre/a de Audición e Linguaxe, é convinte que os devanditos profesionais estivesen presentes na sesión de avaliación.

Despois de cada sesión de avaliación, cada titor solicitará á secretaría do centro a impresión dos informes individuais de avaliación e a acta de avaliación coas cualificacións da súa titoría.

O mestre/a titor/a faralles chegar a cada unha das familias o informe individual de avaliación coas cualificacións do seu fillo/a. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte e das medidas propostas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.

A acta de avaliación coas cualificacións de todo o alumnado da titoría e a acta da sesión de avaliación gardaranse no arquivo de dirección.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Para a participación do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia nos programas Erasmus, programas de formación de profesorado, contratos programa, etc o centro diseña a seguinte estratexia:

1. Informa no último claustro de xuño e primeiro claustro de setembro dos programas nos que ímos a participar.
2. Valoramos a súa contribución positiva á adquisición das competencias clave por parte do alumnado e a mellorar a formación do profesorado.
3. Elaboración dos proxectos para a súa participación por parte do profesorado participe.
4. Todos os implicados no proxecto deben comprometerse a participar nel.
5. Infórmase ao Consello Escolar para a súa aprobación.

PARA A PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NO PROGRAMA ERASMUS+ TEREMOS EN CONTA OS SEGUENTES REQUISITOS:

#### **CARACTERÍSTICAS:**

Erasmus+ é o programa integrado da Unión Europea nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade e o deporte para o período 2021-2027.

#### **OBXECTIVOS:**

O programa ten como obxectivo atender as necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes e céntrase na aprendizaxe formal e informal cunha clara vocación de internacionalización co fin de mellorar as capacidades educativas e formativas das persoas participantes. Pretende polo tanto apoiar as políticas europeas e nacionais en todos os ámbitos da educación e formación a través do valor engadido que supón a internacionalización e ofrecer maiores posibilidades de mobilidade e cooperación europeas a miles de institucións e persoas do noso país.

#### **PARTICIPACIÓN:**

As persoas interesadas que desexen participar no programa Erasmus+ deben dirixirse ao centro educativo, xa que é este o que pode solicitar a participación a través da convocatoria anual.

Así, o noso centro como participante no programa quere recoller a través do presente documento algúns dos requisitos considerados imprescindibles para determinar ás persoas participantes no mesmo.

#### **REQUISITOS:**

O centro considera fundamental para que o persoal docente do mesmo poida participar no programa Erasmus+ do curso académico vixente cumprir cos seguintes requisitos:

- ¿ Adquirir o compromiso de transmitir á experiencia vivida ao resto do profesorado do centro.
- ¿ Adaptar e aplicar os recursos enriquecedores coñecidos durante a experiencia á realidade do centro.
- ¿ Asumir a coordinación dun equipo de dinamización do centro ou PFPP (biblioteca, actividades complementarias e extraescolares, dinamización da lingua galega, TIC, Convivencia ou PFPP).
- ¿ Participar na formación anual de centro.

#### **BAREMO APLICABLE:**

Unha vez asumidos os requisitos de participación establecidos polo centro e dada a circunstancia dunha solicitude por parte do profesorado superior ás prazas outorgadas polo Centro de Formación no curso vixente, atenderase ao seguinte baremo para determinar as persoas seleccionadas:

CONDICIÓN	PUNTUACIÓN
Asumir a coordinación dun equipo de dinamización do centro.	1
Asumir a coordinación dun PFP.	1
Participar na formación anual de centro.	1
Non ter participado nos últimos dous cursos no programa.	1
Título de B 1 en idiomas.	1
Título de B 2 en idiomas.	1
Título de C 1 en idiomas.	1

#### TOTAL DE PUNTOS

Atendendo á puntuación total do baremo establecido polo centro e recollido no presente documento, de resultar situación de empate realizarase un sorteo que determinará as persoas seleccionadas para a participación no programa.

En todo caso o cálculo do baremo e de resultar imprescindible o sorteo, realizarase de forma pública diante do claustro do centro.

#### OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

De resultar unha solicitude por parte do profesorado superior ás prazas outorgadas polo Centro de Formación no curso vixente e unha vez analizado o baremo ou realizado o sorteo pertinente, realizarase unha lista de suplencias que asumirán as persoas interesados non seleccionadas polo propio baremo ou sorteo, mantendo a orde que estes determinen.

Igualmente, as persoas interesadas non seleccionados adquirirán prioridade de participación no seguinte curso

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Dentro do marco establecido pola Administración educativa, o CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia desenvolve a súa autonomía organizativa, favorecendo o traballo en equipo do profesorado. O centro traballa o currículo e as

medidas de atención á diversidade establecidas pola Consellería de Educación adaptándoas ás características do alumnado e a súa realidade educativa, co fin de atender a todo o alumnado. Así mesmo ideará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos/as e que promovan o traballo en equipo. Polo tanto a concreción curricular é un documento flexible que a final de cada curso (ou incluso dentro do propio curso) pode ter que ser revisado en función dun cambio de lexislación ou incluso por unha nova oferta educativa, das materias de libre configuración ou incluso debido a un cambio metodolóxico

importante no proceso de ensino - aprendizaxe., polo tanto a concreción curricular poderá modificarse en calquera

momento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e calquera dos puntos que a forma.